

Nova modificación na resolución que regula as condicións de traballo do persoal interino e substituto

De novo volve á mesa sectorial unha modificación da resolución que regula as condicións do persoal interino e substituto, na que non se inclúe ningunha cláusula de estabilidade para o profesorado interino e substituto, e na que se inclúen apartados que reiteradamente incumpre a Consellaría co beneplácito doutras organizacións que seguen asinando todo o que se lles pon enriba da mesa sen plantarse ante os continuos incumprimentos que a administración fai, como é o cobro do verán ao profesorado que traballa máis de cinco meses e medio ou a reserva do posto de traballo cando se está de baixa, algo que só se aplica na adxudicación de destinos provisionais, e non na cobertura de substitucións.

A administración e as demais organizacións sindicais deixan claro na mesa que non van modificar nada do que trouxeron á mesa, e que este, salvo corrección de erros é o texto final negociado na comisión de seguimento do acordo.

A aplicación web
comezará a funcionar en probas
durante este curso en especialidades
pequenas para ver que todo funciona
correctamente

Agora esténdese a todo o profesorado e apoiamos esta modificación, se ben agardamos que veña acompañada tamén dunha redución do número de opositores por tribunal, porque se non é así e o que se reduce é o número de tribunais por especialidades volve saír beneficiada a Consellaría como en todas as últimas modificacións que se realizaron deste regulamento.

Cambios no texto

Eliminación da obrigatoriedade de presentarse ás oposicións

Elimínase do texto a obrigatoriedade de presentarse aos procesos selectivos ao persoal interino e substituto que teña o posto consolidado nas listas.

Na última modificación que este regulamento tivo en marzo de 2023 a CIG-Ensino foi a única organización sindical que propuxo esta medida para o persoal opositor con máis de 55 anos.

Cambio no chamamento para a cobertura de vacantes

Cando a CIG-Ensino propuxo, nesa mesma negociación, a creación dunha aplicación web para a selección diaria das vacantes, a Consellaría afirmou que tiña dúbidas de que ese sistema ía mellorar o actual de chamamentos e que, polo tanto, non ía mudar nada. Vemos que agora por fin acepta a proposta pero é necesario unha maior concreción xa que senón pode converterse nunha fonte de discriminacións e de conflitos.

Segundo se recolle no borrador funcionará do seguinte xeito:

- 🗣️ Convocatoria na aplicación de substitutos.
- 🗣️ Prazo de 24 horas para pedir os destinos ofertados.
- 🗣️ Penalización coa exclusión de chamamentos se non se pide durante **30 días lectivos** a primeira vez, 60 a segunda, e definitivamente a terceira.

Solicitamos que se inclúa máis información como por exemplo:

- 🗣️ A quen vai dirixida cada convocatoria? Se por exemplo só hai unha praza ofértase a todos os da lista? Se só se oferta a unha persoa isto pode ocasionar unha demora na súa cobertura, xa que pode haber renuncias, polo tanto pasarían outras 24 horas para ofertar a seguinte na lista. Por outro lado non tería sentido que se só hai unha praza todos os que estean na lista teñan que estar entrando para pedila cando teñen dúcias de persoas diante.
- 🗣️ Se se ofertan a todas as da lista e ninguén a colle, non entendemos que sentido ten ofertalas para solicitar de maneira voluntaria. Por outro lado as prazas “de” carácter voluntario, efectivamente non dan lugar á consolidación, pero que ocorre coas que se solicitan “con” carácter voluntario.
- 🗣️ Vanse cargar diariamente as vacantes?
- 🗣️ Recóllese que excepcionalmente a cobertura de vacantes se fará telefonicamente. En que situacións?
- 🗣️ As penalizacións son excesivas, creemos que cunha semana é suficiente.
- 🗣️ Ponse o contador das penalizacións a cero?
- 🗣️ Cando comeza este sistema?

As vacantes enviaríanse ao través da aplicación os luns.

Non teñen decidido a canta xente incluír na primeira adxudicación (martes), pensan sobre 4

ou 5 por praza e se non se cobre na seguinte adxudicación (venres) sería a toda a lista.

Como exemplo de uso excepcional do chamamento telefónico a administración falou das unitarias e que o resto de excepcionalidades serán levadas á comisión de seguimento, que non as van incluír no documento.

A aplicación web comezará a funcionar en probas durante este curso en especialidades pequenas para ver que todo funciona correctamente.

Mantemento da mesma persoa substituta cando se incorpora a titular

Na disposición adicional cuarta onde se regula a posibilidade do mantemento da mesma persoa substituta no caso de que dita substitución se interrompa pola incorporación do titular, elimínase a limitación aos períodos de Nadal, Entroido e Semana Santa e simplemente se fala de períodos non lectivos.

Procedemento para a elección de concellos por causa xustificada

Elimínase a referencia ao aplicativo que até agora se usaba para escoller os concellos nos que realizar substitucións por causa xustificada. Solicitamos información sobre como vai ser o procedemento.

Propostas da CIG-Ensino

Apartado primeiro: Oferta de emprego público.

Engadir un novo parágrafo relacionado coa negociación das ofertas de emprego na que se indique que se achegará á mesa sectorial un informe anual coas vacantes estruturais producidas por xubilacións, falecementos ou excedencias por perda de postos e as creadas por novas necesidades nos centros, así como as que non se cubriron en concursos-oposicións anteriores. Así mesmo tamén se incluírá no texto que a Consellaría informará anualmente na Mesa Sectorial dos datos de profesorado interino por especialidades.

Apartado segundo. Nomeamento de persoal docente interino e substituto.

No punto 1 propomos que se recolla expresamente que a duración determinada será polo curso escolar completo (até 31 de agosto) xa que aínda que é o que se fai, preferimos velo recollido.

Suprimir o punto 2 e 3 xa que unha orde ou un acordo non pode restrinxir un dereito recollido nunha lei.

Apartado Terceiro. Prazas non estruturais.

Reiteramos, como xa fixemos cando se introduciu este apartado no texto que este apartado como tal non ten sentido nun documento que só fai referencia ao persoal interino, xa que a determinación da natureza estrutural ou non dunha praza ten consecuencias con carácter xeral para todo o profesorado, por exemplo no concurso xeral de traslados. Debe existir unha norma específica para determinar o carácter das prazas, e dita norma tería despois efectos para determinar por exemplo as prazas nas ofertas de emprego, para computar porcentaxe de persoal

interino ou para prazas no concurso xeral de traslados.

En todo caso se non se ten en conta este criterio da CIG-Ensino, propoñemos:

- 👤 Eliminar no punto b) a referencia ao carácter non estrutural de prazas cubertas con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada curso, xa que unha xubilación ou falecemento posterior do titular dunha praza implica que a praza é estrutural
- 👤 No punto d) limitar os efectos das reducións horarias de cargos directivos aos centros de tipo A, eliminando os de tipo B e C.

Apartado cuarto. Orde de prioridade no nomeamento

Ao final do punto 2 hai que retirar a referencia a “base décimo segunda.3.”

Apartado sétimo.

Incorporar o dereito das mulleres con baixas médicas derivadas do embarazo a poder tomar posesión dunha interinidade ou substitución con efectos tanto económicos como administrativos.

Apartado décimo primeiro. Convocatoria de listas de interinidades e substitucións.

Solicitamos que se volva ao baremo previo á pandemia, e non se tome como único criterio para entrar nas listas a nota media da titulación esixida para cada especialidade. Para a CIG-Ensino non ten sentido non ter en conta a formación previa das persoas aspirantes nin a propia experiencia profesional docente.

Apartado décimo cuarto. Renuncias

As propostas da CIG-Ensino son coñecidas desde hai anos e consisten en modificar este apartado en varios aspectos:

- 👤 Establecer a renuncia aos chamamentos sen xustificación por un período máximo e improrrogábel de tres cursos académicos

- 👤 Subir a idade dos fillos e fillas para poder renunciar até os 12 anos.
- 👤 Volver a admitir os estudos de ciclos superiores de FP e EOI para a renuncia por ampliación de estudos.

Apartado décimo sexto. Toma de posesión

Propoñemos melloras na redacción deste apartado, evitando que as persoas teñan que entregar documentación que xa obra en poder da administración. Só se tería que presentar cando non a teña a respectiva Xefatura Territorial. Tamén consideramos que debe existir unha referencia expresa á posíbel xustificación de non poder tomar posesión nas 24 horas, como en ocasións acontece. A flexibilidade que nos consta se ten nalgúns casos debe figurar expresamente na norma. Por último propomos a incorporación novamente da proposta de protexer as mulleres de baixa por embarazo.

Apartado décimo sétimo. Elección de zonas de substitución.

Propomos fixar unha nova demarcación para a cobertura de substitucións sen xustificación. No canto de que sexan as provincias propomos negociar unha zonificación a medio camiño entre as comarcas e a provincia que podería ser a división da provincia da Coruña en tres áreas vinculadas por proximidade ás tres grandes cidades (A Coruña, Ferrol e Santiago); dúas en Pontevedra (Pontevedra e Vigo), tres en Lugo (norte, centro e sur da provincia) e dúas en

Ourense (leste e oeste da provincia). Cada persoa podería seleccionar aquelas zonas que considerase, con independencia da provincia á que pertencesen.

Apartado décimo oitavo. Dereitos retributivos do profesorado substituto.

Desde o ano 2012 a Xunta deixou sen efecto o pagamento do verán ao profesorado que traballase cinco meses e medio no curso escolar, introducindo un artigo a estes efectos en cada lei de orzamentos. Este dereito debe ser recuperado xa e para iso debe existir un compromiso que vaia máis alá da propia Consellaría de Educación, xa que o cambio nos orzamentos afecta ao goberno da Xunta no seu conxunto.

Nova disposición adicional. Transformación de contratos de substitución en interinidade.

Propomos que se recolla expresamente a transformación de contrato de substitución en interinidade cando na praza non exista titular, xa que a Consellaría non o fai cando se produce a partir do 1 de xuño.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal